

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

Xestión e utilización dos equipos de traballo

Equipo de traballo: calquera máquina, aparato, instrumento ou instalación utilizada no traballo.

Máquina: un conxunto de pezas ou órganos unidos entre si, onde un polo menos haberá de ser móbil e, no seu caso, de órganos para accionar, circuítos de mando e de potencia, ou outros, asociados de forma solidaria para unha aplicación determinada, en particular para transformar, tratar, desprazar, e acondicionar un material.

Principais referencias legais a ter en conta:

- O R.D. 1.644/2008 (que deroga ao R.D. 1435/1992, e a súa modificación polo R.D. 56/1995).
- O R.D. 1.215/1997

Os Responsables de PRL do centro (Decano/a-Director/a, e/ou Administrador/a de centro), en virtude da súa recoñecida autonomía, e capacidade de xestión, definirán as funcións, asignando as responsabilidades e delegando autoridade necesarias para levar a cabo de forma eficaz os aspectos referidos ao seu respectivo centro, que se indican nos cadros que se presentan a continuación.

No seu defecto, e con carácter supletorio, establécense a seguinte xerarquía de funcións e competencias para garantir a xestión eficaz dos equipos de traballo.

- Persoal con responsabilidade e autoridade directas sobre a súa utilización.
- O Investigador/a Principal (respecto aos equipos de traballo específicos de cada proxecto de investigación).
- O Director/a de Departamento.
- Responsables de PRL do centro (Decano/a-Director/a, e/ou Administrador/a de centro).

	Nome	Data	Selo Sinatura	e
<i>Elaborado por</i> Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL)	Mª. José Montero Vilariño. Mª. del Carmen Álvarez González.	05/04/2010		
<i>Revisado por</i> Comité de Seguridade e Saúde (CSS)	José Manuel García Vázquez.	21/09/2011		
<i>Aprobado por</i> Xerencia	Manuel Fernández Jauregui.	21/12/2011		

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

Xestión e utilización dos equipos de traballo

Todos os equipos de traballo deberán cumprir o R.D. 1.215/1997.

Se a Universidade de Vigo ten en propiedade unha máquina fabricada antes do 01/01/1995, posuirá:

- Unha adecuación ás disposicións establecidas no R.D.1.215/1997.
- Adecuación emitida por técnico competente.
- Se a máquina é mercada de segunda man, poderá esixirse a súa adecuación ao vendedor.

Se a Universidade de Vigo, merca unha máquina fabricada despois de 01/01/1995, posuirá:

- Declaración "CE" de conformidade.
- Marcado **CE**, que debe emitir o fabricante (no seu defecto distribuidor ou "comercializador").
- Manual de instrucións, en lingua oficial do Estado.

Se a Universidade de Vigo fabrica ou modifica substancialmente os equipos de traballo, deberá:

- Confeccionar o expediente técnico de construción.
- Realizar a declaración "CE" de conformidade.
- Colocar o marcado **CE**.
- Confeccionar o manual de instrucións, en lingua oficial do Estado.

Ademais, e en xeral, referidas a máquinas do anexo IV R.D. 1.644/2008, por exemplo: serras circulares (...), serras de cinta (...), cepilladoras (...), espigadoras (...), tupíes (...), regrosadoras (...), prensas e pregadoras (...), dispositivos amóbeis de transmisión mecánica (...), máquinas para moldear (...), ROPS, FOPS, etc. deberase contar coa "aprobación" dun Organismo de Control Autorizado (OCA).

A tarefa directa de esixir, e de adoptar as medidas necesarias para que se dispoña a documentación preceptiva derivada dos equipos de traballo posteriores a 1995, recae de forma ordinal nas seguintes figuras:

- Persoal con responsabilidade e autoridade directas sobre a súa utilización.
- O Investigador/a Principal (respecto aos equipos de traballo específicos de cada proxecto de investigación).
- O Director/a de Departamento.
- Responsables de PRL do centro (Decano/a-Director/a, e/ou Administrador/a de centro).

A tarefa directa de adoptar as medidas necesarias para levar a cabo a adaptación dos equipos de traballo posteriores a 1995, ou anteriores dos que resulte imposible (razoable e xustificadamente) obter dita documentación, recae de forma ordinal nas seguintes figuras:

- Persoal con responsabilidade e autoridade directas sobre a súa utilización.
- O Investigador/a Principal (respecto aos equipos de traballo específicos de cada proxecto de investigación).
- O Director/a de Departamento.
- Responsables de PRL do centro (Decano/a-Director/a, e/ou Administrador/a de centro).

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

Xestión e utilización dos equipos de traballo

Levarase a cabo un control dos equipos de traballo, que se rexistrará cubrindo o documento-rexistro "DRPRL-09-05: Control de equipos de traballo".

A execución de dito control recae de forma ordinal nas seguintes figuras (sen prexuízo de que se poidan delegar as funcións e competencias):

- Persoal con responsabilidade e autoridade directas sobre a súa utilización.
- O Investigador/a Principal (respecto aos equipos de traballo específicos de cada proxecto de investigación).
- O Director/a de Departamento
- Responsables de PRL do centro (Decano/a-Director/a, e/ou Administrador/a de centro).

É obriga dos traballadores/as:

- Usar adecuadamente conforme ás indicacións recibidas, e de acordo coa súa natureza e os riscos previsibles, os equipos de traballo.
- Nos casos que corresponda, e en función das indicacións recibidas realizar de forma adecuada a limpeza, conservación, e mantemento dos equipos de traballo.
- Non poñer fora de funcionamento e utilizar de forma correcta os dispositivos de seguridade existentes ou que se instalen nos equipos de traballo relacionados coa súa actividade ou nos lugares de traballo nos que esta teña lugar.
- Coñecer e cumprir as indicacións do manual de fabricante.
- Utilizar de forma correcta os medios e equipos de protección facilitados pola Universidade de Vigo.
- Coñecer, e cumprir as indicacións de calquera documentación técnica (normas e fichas de PRL) entregada polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo.
- Coñecer, e cumprir a sinalización existente nos centros de traballo, así como en calquera outro lugar nos que se desenvolvan os traballos.
- Revisar o adecuado estado dos equipos de traballo antes da súa utilización.
- Calquera problema ou aspecto que estime de interese sobre un equipo de traballo, proceda a comunicalo conforme ao procedemento "PPRL-06: Comunicación, participación e consulta".

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

Xestión e utilización dos equipos de traballo

Establécese a seguinte clasificación e graduación sobre incumprimentos referidos aos equipos de traballo:

Faltas Leves (Amoestacións verbais e/ou por escrito).

- Pequenos, e puntuais descoidos no cumprimento, ou a observación das normas de utilización, conservación, e mantemento dos equipos de traballo, cando carezan de significación grave para a integridade física ou para a saúde da persoa.
- Puntuais faltas ao cubrir o "DRPRL-09-05: control de los equipos de traballo".
- Non dispoñer, nin xustificar a non disposición inicial e/ou puntual da documentación preceptiva.

Faltas Graves (Aplicación do Réxime Disciplinario correspondente).

- Non adoptar as medidas necesarias para solucionar a non disposición da documentación preceptiva, tras ser detectada de forma inicial.
- Non advertir de forma inmediata aos/as responsables directos superiores de calquera anomalía ou defecto que se observe con respecto ao equipo de traballo.
- A neglixencia grave na conservación, e limpeza do equipo de traballo por parte do traballador/a.

Faltas Moi Graves (Aplicación do Réxime Disciplinario correspondente).

- Non adoptar as medidas necesarias para dispoñer da documentación preceptiva, cando de elo se poida derivar unha situación con significación moi grave para a seguridade e saúde das persoas.
- Eliminar dispositivos de seguridade dos equipos de traballo.
- O incumprimento ou a non observación das normas de utilización, conservación, e mantemento dos equipos de traballo, cando poidan ter significación moi grave para a seguridade e saúde das persoas.